

# CONSORCIO ERASMUS + GALEMUNDO 2026\_2027 GALICIA - NORUEGA

IES ROSALÍA DE CASTRO

-

EDVARD MUNCH UPPER SECONDARY SCHOOL (OSLO)

Outubro 2026 e Xaneiro 2027



**EDVARD  
MUNCH  
VGS**



## OBXECTIVOS

- ❑ Estimular a práctica do idioma estranxeiro e a súa utilización nun contexto internacional
- ❑ Desenvolver actividades comunicativas en inglés nunha contorna de comunicación real ao tempo que afondan en coñecementos doutras áreas ou materias
- ❑ Coñecer outras culturas e sistemas educativos





## CARACTERÍSTICAS DAS MOBILIDADES

- ❑ **As mobilidades están dirixidas ao alumnado matriculado neste centro en 4º da ESO durante o curso 2025-26, e que continuará os seus estudos neste mesmo centro durante o curso 2026-27.**
- ❑ **Número de prazas: ata 6.**
- ❑ **Duración e datas: o alumnado noruegués estará en Galicia durante 3 semanas en outubro de 2026, e o alumnado galego estará en Noruega durante 3 semanas en xaneiro de 2027.**
- ❑ **O alumnado galego integrarase nun centro educativo noruegués.**
- ❑ **O aloxamento e manutención será en réxime de reciprocidade cunha familia norueguesa. O alumnado noruegués terá 17-18 anos no momento da súa estadía en Galicia.**
- ❑ **Subvención das mobilidades: cubre a viaxe en avión e o seguro.**





## CARACTERÍSTICAS DAS MOBILIDADES

- ❑ O alumnado seleccionado asinará, a través dos seus titores ou representantes legais, un convenio de subvención. Ademais, terá que cubrir e achegar unha serie de documentos necesarios para a realización do intercambio.
- ❑ Á súa volta, o alumnado participará na difusión do proxecto. Tamén aportará evidencias dos coñecementos e capacidades adquiridas, compartindo os resultados co resto dos seus compañeiros/as de clase e outros grupos do mesmo nivel.
- ❑ O IES Rosalía de Castro seleccionará ao alumnado participante cos criterios que se indican nesta convocatoria.
- ❑ O alumnado irá acompañado por profesorado dos centros educativos.






## O INSTITUTO EDVARD MUNCH VGS


- ❑ O instituto Edvard Munch (Edvard Munch videregående skole) abriu as súas portas no ano 2016.
- ❑ Ubicado no centro de Oslo, nun magnífico edificio que anteriormente ocupou a Escola Nacional de Artesanía e Deseño.
- ❑ Ofrece estudos de especialización en arquitectura, deseño e arte, con especialidades en música, baile e artesanía, deseño e desenvolvemento de produtos.
- ❑ O instituto potencia o talento e a creatividade dándolle moita autonomía ao alumnado para que poida explorar os seus campos de interés.
- ❑ Este instituto busca desenvolver un ambiente escolar ambicioso e creativo que inspire unha aprendizaxe comprometida.



# LOCALIZACIÓN



# LOCALIZACIÓN



## SOLICITUDE, PARTICIPACIÓN e SELECCIÓN

**1 \_ CUBRIR O FORMULARIO (ENVÍASE ao correo @iesrosaliadecastro.org do alumnado) E A DOCUMENTACIÓN PUBLICADA NA WEB DO IES\_ ANTES DO 24 DE ABRIL**

**2 \_ SER SELECCIONADO PARA A ENTREVISTA (comunícase no correo @iesrosaliadecastro.org do alumnado) \_ 28 DE ABRIL AO 6 DE MAIO**

**3 \_ PUBLICACIÓN DE SELECCIÓN E PERSOAS en RESERVA \_ ás familias por Abalar e na Páxina Web do IES na sección de Erasmus+ antes do 12 de maio.**

**MOITAS GRACIAS**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

Intercambio con Noruega 2026-2027

Datos da/o alumna/o solicitante		
Nome e apelidos	DNI / NIE	Alerta escolar SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
Teléfono móbil (alumna/o)	Enderezo electrónico	
Data e lugar de nacemento	Home <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Outro <input type="checkbox"/>	
Datos da nai [ ] / do pai [ ] / representante legal [ ] (sinalar segundo corresponda)		
Nome e apelidos	DNI / NIE	
Teléfono móbil	Enderezo electrónico	Teléfono fixo
Datos da nai [ ] / do pai [ ] / representante legal [ ] (sinalar segundo corresponda)		
Nome e apelidos	DNI / NIE	
Teléfono móbil	Enderezo electrónico	Teléfono fixo
Enderezo durante o curso académico (onde se acollerá ao alumnado de intercambio)		
Enderezo (lugar / rúa, número, piso...)	Código postal	
Localidade	Concello	Provincia
Teléfono(s) en caso de emerxencia		


**Instituto  
Rosalía  
de Castro**
**EDVARD  
MUNCH  
VGS**

